

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE XULLO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a quince de xullo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 11 de xullo de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL FORMATIVA PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL DUN (1) POSTO DE TRABAJO, AO ABEIRO DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”**

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que o día 5 de xullo do corrente rematou o proceso selectivo para a contratación laboral temporal formativa para a obtención da práctica profesional dun posto de

traballo, na categoría de auxiliar administrativo/a, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2023.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo, reunido en data 12/07/23, eleva a este órgano a seguinte proposta:

A contratación da aspirante que obtivo a maior puntuación total, segundo a seguinte relación:

Auxiliar administrativa

CANDIDATA	EXPEDIENTE ACADÉMICO	DOUTORAMENTO	MÁSTER	TITULACIÓN DISTINTA	CURSOS	TOTAL
MARÍA BELÉN PATAO FERNÁNDEZ	3,12	0	0	0	1,20	4,32
MARINA ALMEIDA FIGUEIRAS	3,27	0	0	0	0,20	3,47

Corresponde, en consecuencia, a contratación da candidata María Belén Patao Fernández.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co proposto polo Tribunal cualificador, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral, mediante un contrato formativo para a obtención da práctica profesional, polo prazo dun (1) ano, da seguinte traballadora:

Auxiliar administrativa

NOME E APELIDOS	DNI
MARÍA BELÉN PATAO FERNÁNDEZ	██████████

RESERVA:

MARINA ALMEIDA FIGUEIRAS

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine o correspondente contrato de traballo e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

### *3.- AUTORIZACIÓN PARA O REINGRESO ANTICIPADO DE TRABALLADORA LABORAL EN SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA*

#### ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 3 de abril de 2023, recoñécéuselle á traballadora laboral indefinida deste Concello, no posto de traballo de auxiliar do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), Dona Rosa Castro Rey, con DNI núm. [REDACTED], o seu dereito ao goce dun período de excedencia voluntaria dunha duración de seis (6) meses dende o día 15 de abril de 2023.

2º.- A traballadora excedente solicita con data 11 de xullo do corrente (RE núm. 1209) o reingreso anticipado ao seu posto de traballo con data de efectos do día 19 de agosto do corrente.

3º.- Consta a existencia na actualidade de vacantes en posto de traballo de igual categoría e especialidade.

#### FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- A solicitude cumpre cos requisitos do prazo mínimo de excedencia (catro meses) e de existencia de vacante para autorizar o seu reingreso, de conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

#### ACORDO

Primeiro.- Autorizar o reingreso anticipado ao seu posto de traballo da traballadora en excedencia voluntaria Dona Rosa Castro Rey con data de efectos do día 19 de agosto de 2023.

Segundo.- A traballadora non poderá exercitar outra vez o seu dereito a excedencia voluntaria ata transcorridos catro anos dende a data de reingreso sinalada.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á traballadora concernida, así como á Tesourería Xeral da Seguridade Social, aos efectos oportunos.

#### 4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MANUEL NÚÑEZ FIUZA 242,00 €  
Por publicidade institucional do Concello no diario “El Periódico de Lalín e comarca”, s/factura núm. 0349-23.
- FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE 16,94 €  
Por certificado de representante de persoa xurídica, s/factura núm. 9230454723.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €  
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA73G0001127, TA73G0001145 e TA73G0001146 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 5.327,91 €  
Por seguro anual da póliza de responsabilidade civil municipal, s/factura núm. 75202319900020005499 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 2.917,20 €  
Por seguro anual da póliza de danos en instalacións e edificios municipais, s/factura núm. 75202319900020005929 (FACe).
- NEW CENTER BAZAR MODA S.L. 49,43 €  
Por subministro de diverso material para a sesión constitutiva da Corporación, s/factura núm. 820.
- SICASOFT SOLUTIONS S.L. 1.306,80 €  
Por traballos de elaboración do informe de seguimento do PACES, s/factura núm. 062301 (FACe).

- ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA 2.795,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro*” no mes de xuño de 2023, s/factura núm. 0-167 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 82,06 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de maio de 2023, s/factura núm. 23ZNX0115833 (FACe).
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 12,10 €  
Por reparación de pneumático de vehículo municipal, s/factura núm. A/1522.
- CEXNOR TECNIC S.L. 960,70 €  
Por traballos de revisión de extintores en edificios municipais, s/factura núm. FA23/803.
- MANUEL CALVIÑO FERREIRO 1.032,65 €  
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. 20.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.627,56 €  
Por diversas reparacións do camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9938.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.030,20 €  
Por subministro de combustible aos camiós de recollida do lixo no mes de maio de 2023, s/factura núm. FA – 862.
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 399,30 €  
Por publicidade da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*” no diario, s/factura núm. P23003952 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A. 647,35 €  
Por publicidade da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*” no diario, s/factura núm. 2023F0001164 (FACe).

- LA ALACENA ROJA S.L. 272,25 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2023” na web [www.laalacenaroja.com](http://www.laalacenaroja.com), s/factura núm. 52.
- SAUDETER S.L.U. 2.426,05 €  
Por animación da festa infantil organizada polo Concello co gallo do San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. 23-0110 (FACe).
- ANA MARÍA GARCÍA MAYO 9.673,59 €  
Honorarios parciais por dirección de obra incluída no programa REACPON, s/factura núm. 04\_23.
- ANTONIO CARRO NÚÑEZ 2.417,20 €  
Honorarios parciais por coordinación en materia de seguridade e saúde de obra incluída no programa REACPON, s/factura núm. 6/23.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde  
(*sinatura dixital*)